

EDUCACIÓN

A escola, camiño de futuro



Educación

A escola, camiño de futuro

EDUCO

Somos unha ONG global de cooperación para o desenvolvemento que actúa a favor da infancia e a defensa dos seus dereitos, en especial o de recibir unha educación de calidade. Traballamos con nenas, nenos e a súa contorna para promover sociedades máis xustas e equitativas que garantan os seus dereitos e o seu benestar. Queremos construír un mundo onde todas as persoas poidan gozar plenamente dunha vida digna.

A nosa prioridade son as nenas, nenos e adolescentes, en particular aqueles grupos máis vulnerables e excluídos, e con atención especial cara ás nenas.

O noso traballo pretende garantir a efectiva realización dos **dereitos da infancia**, no marco da convención internacional que os regula (Convención sobre os Dereitos da Nenez, 1989) e a busca do máximo benestar infantil, que se configura como un marco axeitado para avaliar o avance cara a sociedades máis xustas.

Este **enfoque de dereitos**, leva consigo a aplicación en todas as nosas actuacións dos principios fundamentais da convención: a non discriminación, o interese superior da infancia, o dereito á supervivencia e ao desenvolvemento, e o dereito de nenos, nenas e adolescentes a expresaren as súas opinións e a seren tidos en conta en tódolos asuntos que lles afecten.

A educación, ademais de ser un dereito en si mesmo, é un medio indispensable para acadar os demais dereitos e liberdades. Por iso compartimos a convicción de que debe de ser incuestionable, dispoñible, accesible, aceptable e adaptable. Coidamos que só deste xeito ha ser quen de transformar a vida das persoas e das comunidades onde viven, contribuíndo a construír sociedades máis xustas e equitativas.

As nosas exposicións contribúen a dar a coñecer os problemas do mundo, co espertar de consciencias críticas na nosa contorna. Por iso, traballamos para impulsar e reforzar un concepto de **cidadanía global activa** baseado no respecto e a promoción da dignidade humana, nunha conciencia social crítica e con capacidade para xerar dinámicas transformadoras das inxustizas sociais. Iso implica **colaborar no desenvolvemento de consciencias e actitudes críticas, tolerantes, responsables e solidarias**, que sirvan para fomentar a cooperación entre as persoas e as sociedades, orientadas cara á promoción da xustiza social. Con este obxectivo, desenvolvemos accións de sensibilización en concellos, bibliotecas, centros culturais, universidades, etcétera.



EXPOSICIÓN EDUCO

Esta exposición Educo, trata sobre a aposta pola educación como mellor opción para saír da pobreza e acceder a unha vida mellor.

Comezamos enmarcando o concepto do dereito á educación no contexto global a través dos organismos internacionais e amosamos como Educo traballa en sintonía con estas organizacións.

A través de diferentes exemplos, presentamos proxectos que funcionan con metodoloxías innovadoras, creatividade e participación infantil. Desde o *Rincón del Buen Trato* en Bolivia al *Proyecto Educación Feliz* en Cambodja, pasando polas *Bibliotecas móviles* de Ghana.

Támén amosaremos como traballamos en facilitar o acceso á escola e a mellora da calidade educativa de diversos xeitos para que mellore a aprendizaxe de nenos e nenas. Daremos a coñecer os *Gobiernos estudiantiles* do Salvador, ou o *Programa de Reforzo para o alumnado* de Malí con problemas de aprendizaxe. Introduciremos a cultura bilingüe de Guatemala con *Cosmovisión Maya K'iche'*; ou *El fútbol como instrumento educativo* en Burkina Faso; *La escuela que innova, los niños y niñas* que aprenden no Perú e a metodoloxía *De niño a niño* de Ecuador.

Finalmente dedicamos un espazo ao programa de bolsas para nenas de 12 anos, exemplo de iniciativa para que as nenas non sexan discriminadas nin sufran abusos e poidan avanzar nos seus estudos grazas ao ensino secundario.

EDUCO E A EDUCACIÓN

En Educo consideramos que a educación é a ferramenta fundamental para que as persoas poidan transformar o seu contexto a nivel persoal, local e global.

A educación é, así mesmo, un medio indispensable para acadar os demais dereitos e liberdades.

Que queremos conseguir en Educación?

O noso obxectivo en Educación é que tódolos nenos e nenas vaian á escola e rematen, cando menos, a primaria, que a educación que reciban sexa de calidade e que as súas escolas teñan os materiais e espazos axeitados.

Referímonos a un acceso de tódalas nenas e nenos a unha educación de calidade sen discriminación por razón de posición social, nacionalidade, etnia, cultura, xénero, opinión política ou relixión.

- En Guatemala, elaboramos materiais didácticos en lingua maia e española que garanten unha educación inclusiva e intercultural e evitan o abandono e fracaso escolar da poboación maia.
- En Bangladesh, traballamos para dar educación a nenos, nenas e adolescentes que non puideron ir á escola ou que abandonaron os seus estudos.

E que se cumpran as condicións de saúde e nutrición axeitadas para que tódalas nenas e nenos poidan aprender e desenvolvérense.

- En Malí fornecemos atención médica e escolarización a 800 nenos e nenas que por mor do conflito armado deixaron de poder asistir á escola.

Educación

A escola, camiño de futuro

FICHA TÉCNICA

- A exposición é moi completa e á vez moi lixeira e fácil de montar.
- Consta de 24 cubos de cartón pluma de 50 x 40 cm ilustrados polos 4 lados (128 imaxes, textos e gráficos)
- Os baldes conforman 6 columnas de 4 cubos cada unha.
- Este formato desestruturado permite ofrecer actividades para a infancia e para persoas adultas que poden xogar cos cubos e modificaren a exposición á vontade e formaren a escola dos seus soños.
- Educo ofrece sempre os seus materiais de xeito gratuíto, pedindo ás entidades receptoras asumir, se é posible, o transporte/envío da exposición.

Actividades complementarias:

Reportaxe e palestra

No marco da exposición fotográfica ofrecemos a posibilidade de organizar unha actividade de aproximadamente 60 minutos de duración. Esta actividade consta dunha palestra sobre o dereito á educación e os dereitos da infancia e un debate co público asistente.

